

V SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Recuperando espazos naturais mediante a custodia do territorio

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 25 DE SETEMBRO

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Imos achegarnos ó río Mendo para participar na novena limpeza simultánea de ríos de toda Galicia, que coordina o Proxecto Ríos (para non coincidir coas eleccións foi adiada para o 2 de outubro, pero nós mantemos a data orixinal por motivos organizativos). O obxectivo é recoller todo canto lixo atopemos nos 8 km de ribeira que separan a ponte das Moas da ponte de Taibo. Se hai xente dabondo, dividirémonos en dous equipos que empezarán por ámbolos extremos para xuntármolos na ponte da Ermida; se somos poucos, reducirémo-lo percorrido. Iremos deixando as bolsas de lixo ó pé das pontes que cruceamos, para que sexan recollidas posteriormente. Na andaina gozaremos dunha contorna natural que merece ser conservada en óptimas condicións, pois gran parte do percorrido está integrado no espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 no punto que indiquemos.

O traxecto non é dificultoso, pero é conveniente levar bastón e vestir calzado e roupa axeitados para andar polo monte en función do tempo que faga. Leva unhas luvas de coiro ou de cociña. Para colle-lo lixo no leito do río pode ser útil levar botas de auga. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas á altura da ponte da Ermida, onde deixaremos algún coche.

Os cativos poden participar na xornada se están afeitos a andar polo monte, sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles. No caso de facérselles demasiado longo o percorrido, poden andar un treito e da-la volta cando se cansen, polo que os seus acompañantes teñen que telo en conta para o transporte de regreso.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téas algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.